



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 03 DE AGOSTO DE 2021 (14:45 h.)

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00037137G.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020200H.

Enmenda erro material no Prego de cláusulas administrativas particulares da licitación "Prestación do servizo de redacción de anteproxecto, proxecto básico e de execución e dirección facultativa de obras da "Recuperación do Campus Sur para o cidadán", Vinculada a EDUSI-REVIVE COMPOSTELA. e cofinanciada nun 80% polo FEDER."

Acórdase que se proceda á enmenda do erro advertido de xeito que:

Onde di:

10. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN

Consonte ao disposto no artigo 131 da LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto atendendo a una pluralidade de criterios de adxudicación, ao abeiro dos termos e requisitos establecidos no dito texto legal, nomeadamente nos artigos 145 e 146 da LCSP.

A) Criterios de adxudicación DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR (NON AUTOMÁTICOS)

...../.....

NOTA 2 – UMBRAL MÍNIMO:

Segundo o exposto ao principio, considerase necesario, de acordo co disposto no artigo 146.3 da LCSP, establecer un umbral mínimo de puntuación a alcanzar na fase de valoración das proposicións relativas aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor. Neste caso establécese como umbral mínimo 50 puntos.

Debe decir:

10. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN

Consonte ao disposto no artigo 131 da LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto atendendo a una pluralidade de criterios de adxudicación, ao abeiro dos termos e requisitos establecidos no dito texto legal, nomeadamente nos artigos 145 e 146 da LCSP.

A) Criterios de adxudicación DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR (NON AUTOMÁTICOS)

...../.....

NOTA 2 – UMBRAL MÍNIMO:

Segundo o exposto ao principio, considerase necesario, de acordo co disposto no artigo 146.3 da LCSP, establecer un umbral mínimo de puntuación a alcanzar na fase de valoración das proposicións relativas aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor. Neste caso establécese como umbral mínimo 50 %

Como consecuencia da enmenda sinalada ampliarase o prazo de presentación de ofertas para a prestación do servizo de redacción de anteproxecto, proxecto básico e de execución e dirección facultativa de obras da "Recuperación do Campus Sur para o cidadán", Vinculada a

EDUSI-REVIVE COMPOSTELA E cofinanciada nun 80% polo FEDER durante 15 días naturais máis, contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público.

3. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00037137G.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos pagos a conta pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros nos meses de xaneiro a xullo de 2021; a prol de TRALUSA.

Apróbase a convalidación da omisión da funcióninterventora da débeda correspondente aos pagos a conta en concepto de servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros nos meses de xaneiro a xullo de 2021; a prol de TRALUSA.